

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2020, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos ao proceso para a cobertura de dous postos na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, convocados pola Resolución do 23 de xuño de 2020.

Mediante a Resolución de 3 de setembro de 2020, na páxina web da Axencia Galega de Innovación, publicouse a relación provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura de dous postos de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido convocado pola Resolución do 23 de xuño de 2020 (DOG núm. 158, do 7 de agosto).

Transcorrido o prazo que se establece na convocatoria para presentar as correspondentes alegacións, esta Dirección

RESOLVE:

Elevar a definitiva a relación de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura do posto de persoal investigador da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Anexo).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web gain.xunta.gal, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela,
A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar





ANEXO

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

DOMINIO ERC: Neurociencias

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2020

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 7 de agosto (Núm.158)

DATA DO LISTADO: 11 de setembro de 2020

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Woodhoo	Ashwin	***123***

DOMINIO ERC: Ciencias Humanas e Sociais

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2020

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 7 de agosto (Núm.158)

DATA DO LISTADO: 11 de setembro de 2020

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Copeman	Jacob	***2534**

